



Bill Jacklin: Xa estou a pintar Compostela

A arte faise
onde está o artista

Nace hai cincuenta anos en Londres, cidade que abandona no 85 para marchar a Nova Iorque. É un dos grandes da pintura. Artista exclusivo da Marlborough. Non lle gusta que lle marquen o camiño, que lle digan que ten que pintar. Prefire amosa-lo seu particular xeito de ve-las cousas. Non quere falar de cambios na súa liña pictórica porque sería restrinxir-lo seu horizonte. Non quere falar de cidades ou de países que marquen a pauta a seguir.

A arte, o centro da pintura, está onde está o pintor. Os seus cadros están nos museos e nas coleccións máis importantes. Ten cadros seus a Familia Real Inglesa e os Baróns Tyssen. Sting, tamén. Por certo, un cacho deste cantautor podemos velo en Compostela. Representa a batalla de Tompkins, onde se fala de fe, esperanza e caridade. As súas cores baséanse na luz e na xeometría. Son un pouco abstractos. Hoxe, Compostela 93 vístese de gala coa inauguración da exposición, en Santo Domingo de Bonaval, de Bill Jacklin, o máis fermoso autor de retratos urbanos. Deixóunos face-lo seu.

—Vendo algún dos seus cadros penso en Renoir e no impresionismo. ¿Estou trabucada? —Non. Inspírome en moitos pintores. Máis nos europeos ca nos americanos. A miña pintura é a visión que teño dunha cidade en particular. Preocúpame o contraste "oscuridade-claridade". Atráeme Goya e Velázquez.

—¿Por que se vai a Nova Iorque?

—Porque son unha persoa moi contradictoria e Nova Iorque é, tamén, unha cidade contradictoria. Fuxín porque quería liberarme interiormente, quería escapar das restricións artísticas do meu país, pero de ningún modo quero verme atrapado polas restricións de América. Non descarto a posibilidade de volver vivir en Europa: Roma, París...

—Cando fala de restricións artísticas en Inglaterra ¿pode presuponer que aumentaron cos conservadores no poder?

—Si. Nos sesenta as escolas de arte tiñan moita importancia. Máis ca agora. Xurdiron grandes talentos das clases populares, pero despois diso, nada. O baleiro. Con M. Thatcher os artistas só soubemos de recortes presupostarios, de prexuízo para a arte. Ademais nos países onde gobernan os conservadores respírase certo aire de prohibición, de pobreza "mental" que non beneficia á arte.

—¿Interésase pola política?

—Si. Son un observador.

—¿Que opina da situación en Irlanda, Gales e Escocia onde un

actor tan popular como Sean Connery apostou por unha opción nacionalista?

—A de Irlanda é unha situación diferente que se pode ver reflectida en moitas partes do mundo. Non me agrada o IRA, pero simpatizo cos movementos nacionalistas.

Jacklin é un experto no retrato da soidade. Soidade que nos transmite a presenza de grandes masas. Como se a "masa" agrada á realidade individual, en palabras de Juan Cruz. Os Beatles, contemporáneos británicos de Bill, teñen unha fermosa canción, "Eleanor Rigby", que fala desa sensación de desamparo que provoca a contemplación das grandes masas: ¿de onde ven toda esa xente solitaria?

—As persoas dos seus cadros ¿fuxen cara algo ou se buscan a si mesmas?

—Iso que acabas de dicir é a definición exacta de Nova Iorque, cidade dura pero excitante e cambiante. En Inglaterra irritábame, as máis das veces, porque non sabía que pintar. En NY teño unha morea de sensacións, todo é desbordante. Collo o caderno de debuxo e non paro.

Rise e di que quere volver o tema da fuxida.

"O ser humano é moi complexo. A min preocúpame a relación ou relacións que poida establecer. Non me baseo en fotografías. Saio á rúa e debuxo. Centos de debuxos, de anotacións, aínda que non está mal ter memoria fotográfica para captar as situacións e as imaxes. Cando un pinta é máis consciente e polo tanto está máis vivo.

—Vostede pinta mercados, pontes, rúas, praias, discotecas, hipódromos... ¿as persoas son o máis importante ou un elemento máis da natureza ou do creado polo ser humano?

—Non sei que contestar, pero interésame moito a pregunta e faime pensar. O que é certo é que me seduce a imaxe de Nova Iorque, os seus altos edificios e a xente movéndose ó seu arredor.

—Nos cadros "Sheep Meadows" representa a moitas persoas sentadas nun prado. Tendo en conta que sheep é ovella ¿poderíamos pensar que os cadros son unha certa alusión a masifi-

cación?

—A interpretación que fas parece-me marabillosa e voume apropiarlle dela. En realidade o prado chámase así porque alí fan pasta-las ovellas no século XIX.

—¿Sabía que existía Compostela?

—Si sabía algo. Coñecía fotografías da catedral e algo da historia das peregrinacións. Imaxinaba esta cidade como Irlanda ou Inglaterra, pola chuvia, a humidade, a cor verde... Estouna disfrutando moito. Aínda non atopei nada que me disguste. ¿Que catedral tan soberbia e que prazos o seu arredor! Estou no Hostal dos Reis Católicos e desde a miña habitación vexo xardíns e pequenas hortas, o que me produce un sentimento primitivo de pracer.

—¿E o marco para a súa exposición, Santo Domingo de Bonaval?

—Incríble. A primeira vez que vin o conxunto quedei abraiado. Unha das cousas que máis me chamou a atención foron as escaleiras de caracol. Páreceme magnífica —aínda que non a vin polo miúdo— a exposición da "Escultura española do S. XX". As igrexas están para iso. Para vivirlas de moitas maneiras. Eu Nova Iorque hai unha, a de San Xoán o Divino, que está convertida en sala de exhibicións. Coido que mesmo se podería bailar nelas.

—¿Pode inspirarlle Compostela para pintar retratos urbanos?

—Xa o fixen. Onde estou pinto o que vexo, sobre todo se atopo contrastes.

—Falando de contrastes, estamos no momento cultural da mestizaxe, da fusión ¿que opina do museo de arte moderna que está a carón de Santo Domingo de Bonaval?

—Depende do que fagan pero os contrastes son enriquecedores. Oor iso gústame que se elixira Santo Domingo para expoñer-la miña obra.

—Benditos contrastes!

Bill está contento de vir e de estar en Compostela. Está nervioso perante a resposta, hoxe, do público. Gústalle todo. E quere descubri-lo todo. E pintar. Como he capricornio ama a xustiza e a liberdade. É constante. Oda a monotonía. Cando quere descansar, deixa a cidade dos rafiaceos e marcha a súa casa de campo en Connecticut, onde goza prantando arbores. Os bi-dueiros son os seus favoritos. Durante anos non se moveu de Nova Iorque porque a cidade



Bill Jacklin

consumiu todo o seu tempo. Pintouna ata o esgotamento. Viúna. E vive pendiente das atencións dos demais. Mesmo cando falamos do amor defínco como "a tensión dalguén". Gústalle as relacións, a calidade de vida, a humanidade e iso quere traspasalo ós lenzos, porque a pintura é a representación da vida. Non ten fillos. Coida que sería un bo pai para esquece-la súa triste infancia cun pai alcohólico e violento. É

optimista. Está convencido de que un pintor debe ser un pouco inocente. É moi ambicioso, como artista, pero a parafernalia da publicidade, do marketing, do protagonismo, non lle gusta. "Non sería bo para a miña obra".

Hai que saber distinguir entre o mundo da propaganda, do prefabricado e os auténticos artistas; entre o negocio e a arte. Ademais de inocente é moi útil ser un pouco escéptico.

*Con M. Thatcher
os artistas só soubemos
de recortes presupostarios,
de prexuízo para a arte. Nos países
onde gobernan os conservadores
respíranse aires de prohibición*



López Calo: eficacia, talento e xenerosidade

Acabar de cumprir 71 anos é o mellor regalo que lle podería ofrecer-la vida, son días con máis de 24 horas para poder remata-lo traballo que ten iniciado.

—¿Cómo definiría a cidade de Santiago?

—Como unha cidade única, incomparable, símbolo e mito, no bo senso da palabra. A súa monumentalidade é suntuosa, por exemplo o marco de San Martiño Pinario é algo que moi pouca xente pode gozar. E recoñezo que a política que está a leva-lo Concello é acertada, que está a facer, pola cidade vella, máis ca ningunha outra Corporación.

—¿Que opina da programación cultural "Compostela 93"?

—Merece un dez, pero superlativo. Nunca houbo nesta cidade unha programación coma a actual. Eu vin aquí hai vinte anos e non había nada. Iniciei os "Xoves Musicais" que foron un fito e agora se está a recolle-lo que eu sementei. Cando os deixei houbo dous ou tres anos de baleiro pouco menos que total. Non teño reparo ningún en dicir nomes. O mérito é de Xerardo Estévez, que foi quen quixo esta eclosión musical e cultural. Foi o que soubo busca-los medios, o que tivo a intelixencia enorme de saberse rodear das persoas que mellor o podían axudar nesta tarefa. Destacaría a Xosé Denis, director-xerente do Auditorio, responsable da música deste "Compostela 93", un home extraordinario, unha auténtica bendición de Deus para a cidade.


—¿Que aportou á cidade o Auditorio de Galicia?

—O Auditorio cambiou Santiago e hai que dicilo claramente. Na actualidade a cultura de Santiago é o que é gracias ó Auditorio, e volvo a insistir en que é unha obra persoal do alcalde Xerardo Estévez, que despois tivo axudas da Xunta e do Ministerio de Cultura, pero el foi o que convenceu ás autoridades da importancia de investir aquí. Verá, ningún é imprescindible pero sen Xerardo e sen Denis a cultura de Santiago non sería o que é.

—Hai algunhas voces críticas respecto do tamaño do Auditorio. ¿Que pensa vostede?

—E o Auditorio xusto. Quizais para dentro de douscentos anos resultaría pequeno, pero agora non se podía construír un auditorio cunha perspectiva

É un dos membros fundadores da Academia de Medievistas Europeos creada en Bonn, Alemaña. É un dos investigadores musicais de máis sona. Foi o creador dos "Xoves Musicais", en Santiago, cando esta cidade era case un deserto nese terreo. O próximo día dous de xullo cumprirá cincuenta anos como xesuita. Foi conselleiro musical da Radio Vaticana cos Papas Xoán XXIII e Paulo VI. Gústalle Mozart por riba de tódolos demais e logo Verdi, Bach, Beethoven e a certa distancia Bellini, Donizetti, pero tamén os Beatles, os Rolling Stones e sobre todo Elvis Presley, non o das baladas senon o do rock.



XOSÉ LÓPEZ CALO

Albán

Poder ver e escoitar a Yehudi Menuhin nunca o soñei en Santiago. El é o astro, un astro tan alto que un se limita a le-la súa biografía, escoita-los seus discos e máis nada.

tan longa, sería unha tontería. Échese a rebozar o 50% das veces, hai claros nun 20%, dificultades para as entradas noutro 20 ou 30%... estamos a governos nunha marxe perfectamente lóxica. Está moi ben programado.

—¿Qué destacaría do que xa temos visto e do que vai vir?

—Poder ver e escoitar a Yehudi Menuhin nunca o soñei en Santiago. El é o astro, un astro tan alto que un se limita a le-la súa biografía, escoita-los seus discos e máis nada. Disfrutar a Rilling... E moi difícil —agás as persoas que están metidas no mundo da música— que saiban o que significa Rilling, telo aquí coa Bachakademie unha semana en setembro. Iso é a envexa de calquera cidade do mundo. Estamos á altura das que teñen maior tradición musical. Vas a Scala de Milán, por citar só un exemplo, e hai un verdadeiro exército de empregados; aquí Xosé Denis conta, só, con dous secretarías, moi eficientes, pero máis nada. E isto ten moito mérito. Da programación próxima destacaría a Cecato. Giulini. Mehta, a Orquestra de Chicago, a ópera... Mire a ópera é unha das miñas frustracións, o non poder ter traído unha ópera a Santiago na épo-

ca dos "Xoves Musicais". —O Padre Calo cre que as igrexas deben utilizarse, só, para rezar e que as exposicións e concertos deben facerse noutros lugares máis axeitados, aínda que el foi —son as súas verbas— o primeiro que faltou a ese principio cando celebrou concertos na Igrexa da Universidade. Na última estada de Rilling, en Compostela, non puido, co seu grupo, canta-lo Credo da misa de Schubert na Catedral. Pola tarde, dese mesmo día, resarciuse e fíxoo no Auditorio. Pídolle ó Padre Calo a súa opinión.

—Vostede coma min escoitou os aplausos tan estentóreos no Auditorio, que tiñan un significado moi claro. Eu tamén aplaudín. Naquel momento mántei que pensarían os alemáns da nosa incultura musical e relixiosa. Naquel momento case me avergoñei de ser sacerdote. A situación foi realmente vergoñosa.

—Galicia, a través do Camiño e de Compostela, ¿que ten aportado ó mundo da música?

—Se non existise Santiago a cultura europea sería distinta. Temo-la fortuna de te-lo primeiro repertorio de música polifónica artística, completa, perfecta, que existe na huma-

nidade: o Códice Calixtino. Musicalmente é grandioso. Estou a piques de presenta-los catro primeiros tomos da "Música na Catedral de Santiago", dun total de trece ou catorce volumes. A historia non se acabou na Idade Media e eu tento, con estes libros, refacer toda a historia da música na catedral compostelá, que é tanto como dicir a historia da mesma catedral. Santiago ten a importancia de te-lo Calixtino, o Pórtico, fontes medievais non coñecidas, pero Santiago ten tamén o renacemento, o barroco... Temos un barroco fabuloso. Temo-lo mellor compositor de España da transición do barroco, Melchor López. E temos outros compositores fenomenais que tento sacar á luz.

—O Padre Calo desexaría, vehementemente, que Santiago tivese unha Orquestra Sinfónica. El que ama a fotografía —entusiasmasse coa Leica do compañeiro Albán— se tivera que lle poñer música a unha película de Santiago escoiría a Tchaikovsky, porque a súa grandiosidade iría moi ben coa grandeza da pedra. É optimista en canto ó ensino da música.

—Evidentemente estamos a abismos de diferenza respecto de calquera nación mediana-

mente culta, pero si pensamos que non tiñamos nada hai vinte anos... Paréceme moi acertada a idea dos concertos didácticos para nenos no Auditorio. Esa política ten que producir froitos a un prazo corto, aínda que para o 25% dos rapaces sexa a primeira vez que se acercan á música pola tremenda inculcatura da que xa teño fadado.

—Fala de seguido das súas paixóns musicais. Mozart e sempre Mozart. E a ópera. Durante anos, para él, a máis perfecta foi "D. Giovanni" pero hoxe prefire "A fruta máxica". Lémbrame que para Beethoven, Wagner, Verdi e Rossini a mellor ópera era "D. Giovanni". Voces: a de María Callas sen dubidalo. Como director prefire a Toscanini e a Di Stéfano como tenor. Gusta da música coral, do gregoriano, da música popular —lamenta que se estea perdendo a pasos axigantados ou ferxiverando— e tamén a música moderna.

—Lamento que os Beatles non tiveran auténticos continuadores que innovasen sen esaxerar. Os Beatles, os Rolling ou Elvis, coma os clásicos, nunca se excederon. A maioría, hoxe, só fan ruído e contorsións no escenario. Mesmo oon estou de acordo con moita da música sacra actual, porque dformaron o concepto de tal música, converténdoa nunha miseria, nunha vergoña. Faise unha música sacra sen as condicións esenciais de relixiosidade, dignidade, beleza e universalidade. O que se fai é unha negación da relixiosidade.

Este home que traballa arco, que apenas dorme tres ou catro horas, é dunha humildade franciscana, cando lle falo dos premios recibidos. Atribúeos ós amigos —para el a amizade é a mellor fortuna que o ceo puido concederle —que sempre se acordan del; pero se tivera que seleccionar un quedaríase co "Otero Pedraio".

É tan xeneroso como sinxelo. Donou a súa biblioteca, máis de doce mil volumes, á Universidade de Santiago. Xosé López Calo, que coñece a felicidade, a tranquilidade e mailo sosego co traballo, sacaría tempo de onde fose para escoita-la Orquestra Sinfónica de Santiago. Sería o mellor regalo que esta cidade, Santiago, pola que tanto traballa, podería facerlle.



Eduardo Alonso: ¿Por que fago teatro?

Camus fíxose esta pregunta moi a miúdo. A súa resposta foi traducida ó galego por X.M. Beiras que lla dedicou á "xente do teatro" galega, pola honra que lle fixeron ó representar "Os Xustos" que el traducira e da que foi director E. Alonso. Camus escribe que un escenario de teatro é un dos lugares do mundo

onde el é feliz. E que esa é unha consideración menos banal do que se pensa. Hoxendía a felicidade é unha actividade orixinal. A proba está en que máis ben se da a tendencia a disimular o seu exercicio. Eu coñezo, di Camus, moita xente que se refuxiou na vida pública para fuxir da privada.

Os poderosos adoitan se-los fracasados da felicidade: iso explica por que eles non son tenros. Eu máis ben sintome tentado de crer que cómpre ser feliz para podermos axudar á xente na desgracia. quen se domina e domina a súa vida pode ser verdadeiramente xeneroso e darse eficazmente. Eduardo Alonso leva dándose, ó público, dende o ano 65.

Está a piques de estrear, dentro da programación "Compostela 93", a obra "Galileo Galilei" de Bertolt Brecht, ambicioso programa, acompañado dunha completa unidade didáctica, para achega-lo teatro á xente máis nova de Galicia.

—¿Como foi o proceso de elección desta obra?

—Preocupados desde hai anos polo ensino medio falamos cos profesores. Dixéronnos que tiñan interese nunha obra que lles permitira unha interdisciplinaridade, que non só tocara filosofía, literatura senón tamén matemáticas, física... Esta obra adaptación moi ben.

—¿Que salientaría do Galileo de Brecht?

—A imaxe de que se pode seguir avanzando sen necesidade de herois. Que se pode ser normal e facer grandes cousas. Podes te-la debilidade de sucumbir fronte á Inquisición e a tortura, pero aínda así é capaz de continuar.

—Para os rapaces alimentados no mundo dos audiovisuais con ídolos tipo Terminator ¿cal é o atractivo de Galileo?

—Nós seguimos a defender que hai unha serie de valores que non están en Terminator, precisamente, e que si están en Galileo e que hai que transmitir ás seguintes xeracións. O concepto de verdade é importante e non se pode xogar con el. É un concepto básico e como outros está desaparecendo, pouco a pouco, ou polo menos, se están a frivolarizar como tales conceptos. Polo tanto hai que ter moi claro que é importante e que se quiere transmitir.

—¿Que pode sorprendere

máis ós rapaces da figura de Galileo?

—A humanidade. Basicamente a humanidade do personaxe. É feble pero forte. Feble humanamente e forte nas súas conviccións, nos seus principios polos que loita.

—Brecht escribe a obra pensando nos científicos, vós outros ¿como a afrontades?

—Cando Brecht a escribe era o nacemento da bomba atómica. Despois de lanzada fíxo reformas no texto inicial. Para el o compromiso dos científicos era moi importante, o compromiso da ciencia benefactora da Humanidade. Coidamos que ese tema está xa hoxe bastante debatido. Parécenos máis interesante o tema da ciencia como búsqueda da verdade, e polo tanto o concepto de verdade. Hoxe que os medios de comunicación inciden abondo en desvirtuando as verdades, as realidades, entende-la verdade como algo polo que se debe loitar, parécenos, mesmo, máis importante que o concepto estrito da ciencia.

—¿Móvese o teatro galego?

—Unhas veces un paso adiante e dous atrás, pero se move. Non hai que ser pesimista. As cousas non se fan dun día para outro, hai que ter paciencia e ir pouco a pouco. Se miramos cara atrás o conseqüido é moito, moitas as transformacións. O teatro mídese en decenios.

—¿Como valoras esta función dentro da programación do "Compostela 93"?

—Para min calquera disculpa é boa para facer actividades deste tipo. Paréceme moi ben que o fagan no "Compostela 93". En realidade non se podería facer se o seu apoio que lle da cobertura económica e de infraestructura.

—¿Como responderon os alumnos de ensino medio ás experiencias anteriores con "Os Xustos" o "Rei Lear"?

—É unha experiencia rotunda. O interese dos adolescentes é grande. Son alumnos que nuns anos van ser universita-

rios e en nada dirixentes deste país. Están principiando e acostumándose a este tipo de experiencias. Queremos que utilicen o teatro que se fai nunha sociedade, que saiban ser espectadores críticos. O teatro é un espello onde a sociedade se mira, un espello que precisa dominar uns códigos que os alumnos van aprendendo.

—¿Cal é a dificultade da obra?

—Galileo é unha figura bastante contradictoria. Renuncia a loitar pero se mantén na loita. Dar esa medida é difícil. Mostra-la duplicidade, a ambivalencia do personaxe: a súa valentía e os seus medos, as súas debilidades. Posiblemente sexa o papel máis difícil que tivo que representar Ernesto Chao na súa carreira de actor.

Para Eduardo o teatro é a única forma que el controla ou utiliza para comunicarse coa sociedade. A partir do 65 fai teatro en Galicia e en Madrid onde crea o grupo "Pequeno zoo", incorporouse ó teatro galego dirixindo "Laudamuco, señor de ningures" de Vidal Bolaño no 78. Logo virán "Lenta raigame", "Bailadela da morte diñoa", "Celtas sen filtro"... No 84 é nomeado director do Centro Dramático Galego, co que monta, no 85, "Os vellos" de Castelao.

Gustaríame que as institucións fixeran unha aposta seria e decidida polo teatro galego. Que tiveramos unha política cultural ben dirixida e que dunha vez por todas deixara de ser un problema a distribución dos espectáculos, os circuitos teatrais. Pensa que os pasos no teatro deben ser harmónicos e polo tanto non se pode crear un centro de produción institucional e logo pasarse case dez anos sen crear unha escola, un plan de infraestructuras, un circuito..."

A Eduardo que é "un colgado" dos textos de Shakespeare gustaríalle moito representar a Valle-Inclán, en galego, porque sería un avance moi importante para a propia dramaturxia galega. É optimista na



O DRAMATURGO ADUARDO ALONSO

ECG

valoración do teatro galego. Ama ós actores. É flexible con eles. Mirámos porque eles son os que fan creíbles os personaxes.

"O meu desexo máis forte é que Galileo goste e que se comece ver que non só nos dedicamos á comedia, cousa que nos botan sempre en cara de xeito negativo. Fixemos moitas comedias porque tampouco podemos esquece-lo lado lúdico da vida, pero tamén outras cousas".

Eduardo sintese feliz cada vez cun actor desexa traballar con el. Parece que está a empeza-la súa carreira en cada novo traballo, do que ten un alto concepto, como do equipo, da amizade... Ó mellor igual que Camus "Prefiro a compañía da xente do teatro, virtuosa ou non, que a dos intelectuais, que rara vez son amables, non chegan a se estimaren entre eles. A dependencia mutua director-actor, cando é recoñecida con humildade e o bó humor que conveñen, funda a solidariedade do oficio e da corpo á camaraxade de cotío". Camus deixou escrito

que o pouco que sabía de moral aprendeuno nos escenarios do teatro. Eduardo levou a súa xuventude e coherencia o teatro, a el está a dedicar, con plenitude, a súa vida, e nel aprende, a cotío o que é a vida.

O teatro é a grande escola moitas veces esquecida polo poder. Agora recuperada, para os rapaces e o público en xeral, con este Galileo de Brecht que se vai representar ó longo un mes:

"Un soño, en realidade, para todos nós, acostumados como estamos a facer obras para un día ou unha semana. Escribe Tareixa que me gustaría que experiencias como ésta non foran puntuais, que tiveran unha continuidade, que varias compañías prepararan espectáculos que tiveran o apoio das institucións...

Esta liña de creación de público paréceme importante e tense que estabilizar dunha forma clara e contundente.

E xa o fantástico sería que o Compostela 93 seguira no 94, no 95... coa proxección de Santiago a Galicia e ó mundo.

EDUARDO ALONSO:

Nós seguimos a defender que hai unha serie de valores que non están en Terminator, precisamente, e que si están en Galileo e que hai que transmitir ás seguintes xeracións



Nacho Duato: 'o que me pasou eiquí non me pasou en ningures'

'Santiago paréceme unha cidade fermosísima.

O meu avó materno, o doutor Barcia Goyanes, e desta cidade'

Voz cálida, modulada, ollos expresivos, máns que falan, máis paixón ca cerebro. Mediterráneo por tódolos poros, disciplinado ata a extenuación. Ri moito e medita as contestacións. Preocupado por todo o que acontece o seu arredor, vive por e para a danza. Triunfou, esta fin de semana, como director, coreógrafo

e bailarín da 'Compañía Nacional de Danza'. 'O meu avó materno é desta cidade, o doutor Barcia Goyanes, neurólogo-psi-quiátra, un verdadeiro artista, a persoa que máis ten influído en min á hora de enfrontarme coa miña profesión con verdadeira seriedade e espírito de sacrificio'.



NACHO DUATO

Albán

O primeiro que fixo este artista valenciano de 36 anos e 1.84 de estatura foi ir a San Domingos de Bonaval visitando as exposicións de Jaclín e de "Escultura española do século XX" que lle pareceu dunha modernidade absoluta. Despois visitaríaa a de Granell no Auditorio. PEDIU AXIÑA O CATÁLOGO das tres e comentou que estaba sorprendido co nivel cultural da cidade. O sábado tiveron que retiralo do Auditorio pola porta de atrás ante a avalancha de persoas que querían autógrafos: "O que me aconteceu en Santiago non me pasou en ningunha outra cidade, é fantástico, o éxito, a loucura, os aplausos, o afecto, o calor do público... O ano que ven quero volver catro días con dous programas diferentes".

—¿Como se evita a rutina nun ballet?

—Un ballet é distinto a unha compañía de teatro. Cambiamos de programa cada dous meses ou en cada xira. Acabamos de estar en Murcia e fixemos un programa diferente ó de Compostela. Ademais cando estás en escena sempre aprendes, nunca acabas de investigar... Estou orgulloso da coreografía que pecha o espectáculo "Rassemblement" que fala de facismo, con música de Toto Bissainthe e temas populares de Haití, son cancións de escravos, inspiradas no vudú. Tiven a sorte de atoparme a Bissainthe en Canadá e que vira a Montreal a miña coreografía que lle gustou moito.

—¿Que opinas das campañas a prol dos dereitos humanos e do que podeades facerlos artistas?

—As campañas parécenme moi positivas e todos debemos colaborar. Os artistas temos que estar abertos a este tipo de comunicación. Eu tento compartir coa xente sentimentos,

ás veces moi íntimos, que afecten a moitas persoas en calquera lugar do mundo. En todas partes hai xenofobia.

—¿No amor non serve a experiencia, sempre se está a comezar?

—Se realmente o amor te sorprende coido que a experiencia non vale de nada. Se é outro tipo de amor que o podes manexar máis friamente e de lonxe xa non é o mesmo, xa non é ese namoramento.

—¿Coidas que o amor nos sorprende ou que nos enamoramamos cando queremos facelo?

—Hai científicos que din que o amor é cuestión de neuronas, de química, que é un ciclo que acostuma rematar ós catro anos... Négo-me a creio. Gústame ser como unha esponxa que o absorbe todo, aberto a tódalas sensacións e sentimentos. Tes que dar e saber recibir que non é nada fácil.

—¿Es xeneroso cando establecees unha relación?

—Si, e ademais non son celoso. Son envexoso pero positivo. Envexo cualidades intelectuais ou técnicas que eu non poseo... iso me produce envidia. Admiro a intelixencia, a capacidade de traballo, a paixón... Son moi apaixonado. Mesmo á hora das coreografías non me gusta intelectualizar demasiado, prefiro dar renda solta o meu instinto, porque é así cando creas realmente. Estou na procura da liña de persoa "intelixentemente apaixonada".

—¿Ségueche a impresión-la reacción do público?

—Si, moito, porque non sei moi ben o que o meu traballo pode expresar. Por iso sorpréndeme que o público se emocione ou chore con algunha das coreografías. Antonio Gala escribiu sobre min que "eu viña de sitios ós que todavia

non fora e contaba cousas das que non sabía", e en realidade é así.

—O igual que o amor, ¿nunha parella de baile ten que haber química, feeling?

—Si, por suposto, ademais nótase de seguida. Non podes enganar ó público. É importante que a parella se leve ben, que cunha mirada se entendan, que haxa complicidade e por suposto igualdade de movementos, ser máis ou menos o mesmo tipo de bailarín.

—¿Pérdenos a burocracia?

—Totalmente. ¡Canto poderíamos avanzar se se cambiase a administración! Coido que son moitas veces os propios funcionarios que impiden o cambio. No meu caso estou moito máis de acordo co ministro de Cultura, co director xeral do INAEM que cos bailaríns, coa xente do comité... Gañar máis con menos traballo é moi típico deste país. É abondo lamentable que un bailarín sexa máis funcionario ca bailarín. En canto entra o convenio nunha compañía ou nunha unidade de produción artística é o fin. Como isto non cambie pronto, desde logo nin eu nin eles o poderemos aturar. Xa non sei de onde tirar enerxías. O que podería facer nunha hora cóstame sete...

—¿Cómo ve o cambio que din de nos aveciña coa chegada do PP ó poder?

—Con moita preocupación, tanta que si gaña o PP márchome de España. Sería unha desgracia. Fíxate que xa unha deputada do PP, Loyola de Palacio levóu ó Parlamentó, sen coñecemento, o tema da compañía. Habería que lle decir que se informara mellor antes de dicir tonterías. Levato tema da danza ó Parlamento, estando mal informada, é un erro. Tamén me parece un erro que tódolos medios de comunicac-

ción día a día, nos promocionen a Aznar como futuro Presidente. Se non tes máis que mirar en Gran Bretaña a desfeita do goberno da Thatcher, en especial para a clase traballadora e o mundo da cultura. Foi un horror, unha desfeita.

—¿Estás conforme coas escolas de danza?

—Habería que modificar moitísimo. Eu diría que toda a estrutura das escolas, dos conservatorios. Non hay bos educadores da danza, hai instructores. Coñezo bos profesores como María de Ávila, Víctor Ullate, Carmen Roch e outras persoas illadas, en estudos, pero non se deciden a unirse e formar un conservatorio... teríamos máis adiante espléndidos resultados.

—Nun bailarín, ¿en que tanto por cento é importante o corpo e a cabeza?

—A cabeza é moi importante, é a que dirixe. Eu prefiro un bailarín intelixente en musicalidade, con gañas de dicir cousas no escenario, de comunicarse, unha persoa aberta que esté preocupado polo que pasa neste mundo e con técnica. Si que me atopo con bailaríns con boa técnica pero totalmente baleiros, frívolos sen alma. Iso é tristísimo, espantoso. Podes dotar a un bailarín mediocre dunha técnica con

moito traballo, pero a alguén sen paixón, sen ese carisma que tes que ter, ou sen "duende", que fas con el.

Nacho Duato dime que o traballo é o que lle produce máis satisfaccións. Que lle encantan os brazos dos bailaríns, a musicalidade que lle conseguen imprimir uns cantos. Que o importante é a harmonía.

Que altura non é determinante. Se tivera que escoller como compañeira de baile a Claudia Shiffer ou a Linda Evangelista —dúas das máis famosas top-model—, coas que fixo dous spots publicitarios, quedaríase, sen dubidalo, con Linda. Gústalle o ballet clásica, pero como home do seu tempo pensa que pode dicir máis e mellor coa danza contemporánea. El que fala catalán e entende galego, non atura que lle rouben a voz os artistas extranxeiros, que nos ofrecen as películas dobradas: "iso contribúe a que o español crea que soamente no mundo existe España. Paréceme espantoso. Como tamén me parece arrepante a TV que se nos ofrece desde tódalas canles. Cada vez hai menos espazos culturais e os programas son máis horteros. Se queres conseguir algo, no mundo da danza, tes que estar volcado ó cen por cen. A arte non ten horarios.

'O que me aconteceu en Santiago non me pasou en ningunha outra cidade. É fantástico, o éxito, a loucura, os aplausos, o afecto, o calor do público... O ano que ven quero volver catro días'



Cristóbal Halffter:

Compostela é unha cidade de gran tradición que mira ó futuro

No ano 87, da man de Carlos Villanueva, creáronse as Xornadas de Música Contemporánea. Este ano celebraron os seus primeiros sete anos de existencia baixo a supervisión de Mercedes Rosón.

Nesta nova edición contouse coa presenza do prestixioso compositor e director Cristóbal Halffter, home vencellado, estreitamente, a Santiago porque foi un dos primeiros becarios de "Música en Compostela" onde o seu tío Rodolfo foi profesor.

"Valoro moi positivamente que desde unha cidade coa tradición de Santiago se organicen unhas Xornadas coma éstas.

—Con moita alegría e nostalgia. Estabamos moi unidos e había un afán de loitar, en común, moi forte e sobre todo de abrírnos da mediocridade ambiente que era terrible. Sabiamos cales eran os nosos inimigos e iso era máis fácil, porque a situación política era inaceptable... Hoxe hai bastante "contaminación mental". Ninguén demite.

Está moi ben que Compostela non mire só ó pasado senón que lle preocupe o presente e maillo futuro. Paréceme fundamental. Noraboa ó "Compostela 93" por incluí-la música de vangarda no seu rico e variado programa. Sorprendéme, gratamente, o Auditorio polo seu deseño e acústica".

—Leva-lo seu apelido, ser sobriño de Rodolfo e Ernesto como axuda e prexudica?

—O apelido despois do que fixeron os meus tíos é un orgullo. É positivo en moitas cousas: polo ambiente familiar onde sempre tiveron todo tipo de axuda cando ós catorce, quince anos dixeran que quería ser músico. Nunca se me cuestionou que tiña que segui-lo camiño estético dos meus tíos. Os seres humanos somos irrepetibles e de seguir algo será as normas éticas e de conduta, ademais somos dúas xeracións diferentes. Agora o meu fillo máis pequeno, Pedro de 22 anos, está a facer, en Viena, un curso de dirección de orquestra e é lóxico que pense dun xeito diferente ó meu. Cos meus tíos suscitáronse discusións estéticas a grande altura. Ernesto que era, no mundo da música, máis conservador ca Rodolfo pensaba que eu ía polo mal camiño. Nunca tentei convencerlos. Só quixen facerben aquilo que me gustaba.

—Cristóbal Halffter non pode concebi-lo mundo sen música como tampouco o podería imaxinar sen beleza?

—Se queremos apartarnos da cotidianidade, da cousa diaria, temos que escoitar música. Tampouco concibo o mundo sen a boa mesa... O ser humano transforma as cousas cotiáns en cousas con transcendencia e iso é fermoso. O importante é a calidade e non a cantidade en todo: sentimentos, traballo...

—Con esas ideas, que experimenta cando ve TV?

—A TV é un atentado á esencia do ser humano. É terri-

ble o espectáculo que nos ofrece día a día: violencia, degradación da muller, chabacanería, amarillismo..., pero parece que hai xentes que non queren que isto cambie. Parecen desexar que o persoal se embruteza máis e máis.

—A súa dona María Manuela Cano é unha destacada pianista. Vostede fala dela con orgullo e tenrura. ¿Cal é o seu segredo para mante-lo amor ó longo dos anos?

—Con respecto e sensibilidade. Hai algo fundamental que é o cultivo da sensibilidade, da beleza, que os días non sexan sempre a mesma cousa. E se isto vale para manter vivo o amor, tamén debería servir para rexeitar certas cousas: a fealdade das cidades, o terrible deterioro que está a sufrilo mundo rural. Galicia está desfeita e non deixa de ser falta de sensibilidade ó non ter sabido respecta-la súa identidade, que era ben fermosa. Conste que son optimista, que confío moito na xuventude. Son dos que pensan que todo tempo pasado segue igual...

—¿Tamén é optimista respecto do ensino musical?

—Habería que reformalo todo, que esquencelo, que hai que principiar de novo. A LOGXE pode se-lo principio da renovación pero se necesitan tempo e cartos. Os conservatorios seguen, en xeral, fosilizados.

—Vostede é dos que fan sempre un canto ó esforzo fronte ós que falan de inspiración.

—Si, porque a inspiración témola todos en maior ou menor grao. Para escribir un artigo, aparafusar algo, fai falta ter unha certa idea, fantasía, imaxinación e iso témolo todos. O que non se ten é a constancia de querer, de manter esa fantasía... Creo que o traballo cotián emprendido nunha certa dirección é o fundamental.

—¿Como lembra aquel

traballo en colaboración cos pintores do grupo "El Paso", da chamada xeración do 51?


—Con moita alegría e nostalgia. Estabamos moi unidos e había un afán de loitar, en común, moi forte e sobre todo de abrírnos da mediocridade ambiente que era terrible. Sabiamos cales eran os nosos inimigos e iso era máis fácil, porque a situación política era inaceptable... Hoxe hai bastante "contaminación mental". Ninguén demite.

—Vostede de demitir sabe un pouco

—Eu cesei, no ano 66, como Director do Conservatorio de Madrid, que era o que dirixía o resto dos conservatorios oficiais. Tiven enfronte ós alumnos —que fan detrás de min na concepción da música e dos mesmos conservatorios— ós profesores que antes da miña chegada vivían moi cómodos e o propio Ministerio. Mesmo o SEU fíxome unha folga. Fúñme. Eles que xa eran vellos daquela —refírome ós do SEU— agora son momias.

—¿Por que a unha parte do público lle custa tanto entrar na música de vangarda?

—Sempre foi así. Non todo o clásico é bo nin todo o contemporáneo é malo e viceversa. É unha cuestión de costumes. Mozart, Bach, deberon se-la avanzada do seu tempo e tamén terían os seus detractores... Hai que abri-la mente, evolucionar porque senón seguiríamos no paleolítico. Hai que ter ganas de atopar nova beleza, a aventura da "nova beleza", ó lanzarse por ese camiño de buscar e atopar. Hoxe existe un novo concepto de beleza e hai moitas persoas reaccionarias —no senso de reacias— que non queren saber nada de algo que soe diferente. Depende moito da educación, de curiosidade e de risco. Antes falei da gastronomía, fíxate que hai persoas —que por non se arriscar— non proban plan-



HALFFTER

Albán

tos novos e sempre din: "non me gusta".

—¿Como valora o labor de músicos como Trevor Pinnock de recuperar instrumentos clásicos?

—Paréceme moi ben porque dar unha dimensión diferente do que pode se-la interpretación, e ademais é unha recuperación dunha tímbrica e dunha forma de toca-los instrumentos antigos, que me parece moi lícita e moi noble pola súa parte, pero teño que lles dicir, que non teñen a exclusividade da interpretación da música antiga por unha razón moi sinxela: ninguén sabe como se tocaba.

—Vostede falou antes con nostalgia da relación artística e humana cos membros de "El Paso", ¿como lembra os cursos do Bierzo?

—Aquilo foi moi importante e perdéuse por unha cousa

que é moi perigosa: o populismo. Tiñamos unha subvención que era moi pequena, eramos moi baratos, pero a Dirección Xeral da Xuventude preferiu facer cousas masivas, aínda que se perde calidade. Dicían que o que nós facíamos era elitismo. Coido que a única forma de salvar hoxe non só a situación de España senón de Europa é busca-lo bo elitismo, buscar ós individuos que teñan valía, capacidade de sacrificio, de esforzo para cambialas cousas, darlles tódalas posibilidades de amosa-lo que levan dentro, o que poden facer. Daquela época do Bierzo máis ca alumnos teño compañeiros e amigos, como Macías. Somos diferentes xeracións, con criterios diferentes, pero estamos no mesmo barco, remando na mesma dirección, e iso é gratificante.

O apelido, despois do que fixeron os meus tíos, é un orgullo. É positivo en moitas cousas: polo ambiente familiar onde sempre tiveron todo tipo de axuda cando ós catorce anos dixeran que quería ser músico



Pintores do Magreb: só a cultura pode unir oriente e occidente

Impresións de nove pintores norteafricanos

No Auditorio de Galicia pode contemplarse unha selección da obra de nove pintores do norte de África, o mellor de Marrocos, Alxeria e Túnez. Tres destes artistas estiveron en Santiago —El Kamel, Koraiçi e Belkaia— e con eles M^a Lluisa Borrás, a comisaria da exposición que se amosa entusiasmada coa acti-

vidade cultural de Compostela, co catálogo da exposición, coa mesma sala e co xerente da mesma: "Teño montado en Barcelona exposicións moi importantes que logo viaxaron a Madrid —Aristices, Maillol, Gargallo, Man Ray, Mata...— pero estou impresionada polo que está a ocorrer en Compostela".



ALGÚNS DOS PINTORES

Albán

"Quero traballar con este Auditorio, no 94 con varias exposicións. Góstame a seriedade con que se fan as cousas, a rapidez e maila brillantez do produto final. Esta exposición do Magreb ten unha longa e triste historia:

No ano 85 reuníme co Sr. Fernández Ordóñez que a quería para o Banco Exterior. Cando chega Boyer di que non lle interesa. Falo con Javier de la Rosa e decide expoñela no Palau Robert da Generalitat. Comeza a Guerra do Golfo e suspéndese a exposición. Alguén me fala de Xosé Denis como unha persoa "progre e lanzada" que se arrisca moito no mundo da arte. Chaméino e aquí estamos".

—¿Cal é a característica desta exposición?

—Ten un criterio amplo, de representatividade dos países do Magreb, pero non dunha escola en particular. Os artistas que aquí expoñen traballan todos, na actualidade, nos seus países e todos teñen unha linguaxe plástica moi interesante. A súa obra está pendurada nos museos máis importantes de occidente.

Farid Belkahia nace en Marrakech, pronto intereseuse polo traballo do cobre en relevo para por último iniciarse nunha materia orgánica ancestral, esquecida nos nosos días, á que debe non pouca da súa celebridade: a pel que curte e traballa coas súas mans. Pinta sobre ela con tintes vexetais. Todos falan da beleza da súa casa —unha obra de arte total— construída arredor dunha enorme árbore;

É un gran ciprés, fermosísimo, que está reflectido en boa parte da miña obra. Teño verdadeira paixón pola natureza e pulas árbores en particular. Cando fixen a casa, díñlle importancia ó dormitorio. Ten-

teí que a dirección da cabeza —ó dormir— estea en dirección leste e os pés cara ó oeste.

Así consigo un soño profundo e reparador. Pode parecer unha intrascendencia pero é fundamental".

—Vostede que ampliou estudos en Milán, Praga e París, ten un cadro adicado a Tápies, concretamente aquel que él asinou cun gran sí na época franquista, co que viña dicir: "estou aquí, non me vas mover". ¿Sentíuse identificado?

—En realidade sí. Esa é a miña posición. En París descubrín moitos pintores españois antifranquistas, por exemplo, Arroyo; pero a min parecía máis fascinante a figura de Tápies que pese a súa oposición, ó xeneral, seguía a traballar en España, tiña a coraxe de non se ir. Son da idea de que hai que traballar no país dun para tentar transformalo.

—O tema da muller é recorrente na súa obra.

—A maioría dos homes dicimos que amamos e adoramos ás mulleres. Para min teñen un ánimo extraordinario en todo o que fan e no amor arriscanse dun xeito increíble, tanto que o home, a súa beira, non fai nin o máis mínimo esforzo.

—¿Que opina da situación da muller árabe?

—Hai un cliché occidental que non responde á realidade. Non digo que sexa boa a situación na que se atopa pero tampouco é tan desesperada como querer facer crer en occidente. En xeral vósdeses as mulleres

non teñen conseguida a liberdade e maila igualdade en ningunha parte do mundo. Non son tan libres como pensan...

—¿Que outros clichés sobre o mundo árabe lle molestan?

—Occidente fabrica a imaxe que vósdeses teñen sobre o mundo árabe e en realidade só atopa o que quere buscar.

—¿Que nos une e que nos separa?

—Sepáranos a Nova Orde Mundial e pode unírnos só a cultura.

—¿E que opina do pobo saharauí?

—O tema do Sahara é unha consecuencia do colonialismo español. En realidade se falamos do pobo saharauí teríamos que estendelo ata Libia porque toda esa franxa ten unha mesma identidade cultural.

—¿E como analiza a situación dos seus compatriotas emigrantes?

—Con tristura e dolor. Non nos gusta o comportamento europeo. Vivimos nun ghetó, illados, é case imposible conseguir un visado por cinco días... E iso que para nós como artistas é todo máis fácil. É humillante non poder viaxar a calquera parte do mundo cando queres facelo.

—¿Está de acordo coa idea que temos en occidente do integrismo e o fundamentalismo?

—Estou en contra de calquera integrismo —incluído o europeo que tamén existe—, pero penso que a occidente interésalle vender esa imaxe que eles están a fabricar e a extender. Non é unha enfermidade

da nación árabe e estou case certo que detrás de todo están os USA. Segundo a Nova Orde Mundial hai que culpar de tódolos horrores ó pobo musulmán.

—¿Como tratan no seu país os medios de comunicación en especial a TV os temas da cultura?

—Belkahia foi durante doce anos profesor da Escola de Arte de Casablanca e dirixíuna dun xeito anárquico. Fixo o contrario a todo aquilo que viu na súa estada nas Escolas parisiñas. Algo similar o que fixo El Kamel, que nos anos 60 pertencía á primeira xeración de "disidentes" da Escola de Belas Artes de Túnez. Como Chillida fixo a súa casa sen ser arquitecto porque ten moita idea do volume. Despois do seu paso pola Escola de Belas Artes, do cambio radical que lle imprimiu, adquiriu rango universitario e o seu número de alumnos aumentou tanto que os locais fixéronse insuficientes.

Dende hai uns vinte anos temos en Túnez todo o que necesitamos e coído que mesmo estamos máis adiantados que en París, porque alí o ensino está agora mesmo estancado e fosilizado. Nós somos máis vangarda".

—¿Que pasa coa xeración de artistas máis nova?

—É unha xeración que xa non está co pasado. Mira de cara e con seguridade ó porvir e ó futuro pero teñen barreiras enormes. Para os máis novos é moi difícil saír do país.

—¿A que se sente vinculada vostede?

—A toda a tradición pictórica: desde Goya e Velázquez a Saura, Picasso, Juan Gris... Síntome como se fora no mesmo barco, sen fronteiras.

—Creo que hai unha gran coincidencia entre vósdeses tres respecto do futuro da cultura magrebi.

—Sí, somos pesimistas, porque as cousas parece que se van pechando e é occidente quen o fai. A Comunidade Europea foi unha mala noticia para nós. Politicamente nos non temos unha comunidade —como os europeos— que presione e nos defenda.

Koraiçi naceu en Alxeria e en París interveu na creación do colectivo de pintores dos países árabes. Traballa para o grupo Cobra, intereseuse polo gravado e convértese nun virtuoso da Xilografía, do gravado en plancha de zinc e de cobre. Xoga coas sedas con fíos de ouro por artesáns de Túnez e Marrocos, con símbolos que combinan os números 1, 3, 5 e 7.

"Non creo que as cousas estean agotadas en occidente, pero coído que nós temos moitas cousas que dicir. Non son os artistas quen desviamos-la arte; iso fano os mercaderes. Agora nós estamos bastante decepcionados coa nosa realidade política e social. Antes estivemos comprometidos cos movementos de liberación nacional pero agora hai un baleiro case total..

—¿Que lle gustaría conseguir para a nación árabe?

—Cambialo todo.

Os tres artistas magrebiés estaban entusiasmados coa cidade de Compostela, coa súa beleza, coa súa luminosidade —que mesmo lle parecía mediterránea— e gustaríalles volver para perderse neste corazón do mundo.

*A exposición ten un criterio amplo,
de representatividade dos países do Magreb,
pero non dunha escola en particular*



COMPOSTELA

93

ESTRELAS DO 93

TEREIXA NAVAZA

Milladoiro:

Un luxo do Compostela 93

Levan máis de quince anos abrindo as fronteiras do folklore galego instrumental ata límites insospitados. Son recoñecidos, en todas partes, como uns virtuosos instrumentistas. A súa música utilizouse no cine, na radio e na TV.

Levan editados oito discos propios, cinco en colaboración e outras oito bandas sonoras e composicións especiais. Seguen cos mesmos ideais do principio: recupera-la riqueza instrumental, melódica e harmónica da música galega, seguir compoñendo, me-

llorar como instrumentistas e ver, o seu país, florecido en cada recuncho de grupos folklóricos que expresen o noso sentir, ó traverso da gaita, zanfona, pandeiro, freixolé, cromorno, ocarina, pítos, requintes, etcétera...

Teñen catro importantes actuacións no "Compostela 93". Principiaron con Bob Geldoff e acaban de estreitar, no Auditorio de Galicia, con éxito, a Suite Sinfónica "Iacobus Magnus" (IM), encargada polo Consorcio, hai agora un ano.

—Desde que nos fixeron o encargo foi todo moi fácil no noso diálogo con Xosé Denis, representante do Consorcio. Foron unhas moi boas relacións. Estamos moi agraecidos porque confiaron en nós e nos deron a oportunidade de demostrar que podemos realizar cousas doutro tipo, diferentes ás que facemos habitualmente.

—¿Cal é a vosa relación con Santiago?

—É unha cidade esencial nas nosas vidas. A onde había que ir por motivos diversos: ó médico, á universidade, ás festividades relixiosas, ás manifestacións. Santiago foi o sitio onde moitos de nós nos coñecemos, estudiamos, traballamos. Indicador dos nosos afectos, pertence ó noso acervo cultural e afectivo. E desde outra perspectiva, se Galicia ten algo claro é a capital. Santiago de Compostela é un símbolo moi fermoso de algo que unifica no bo senso a tódolos galegos.

—Os dezaioito compoñentes da orquestra que vos acompañaron na estrea de IM son moi novos, de diferentes países europeos, ¿como xurdiu a idea de remilios?

—A perspectiva era, desde o punto de vista institucional, contratar unha orquestra que nos asistira ou asumir un pouco o risco de facer unha orquestra o noso xeito. Elixímo-la segunda opción. Tratamos de rachar co mito da orquestra profesional.

—¿Con IM o persoal vaise atopar cun Milladoiro descoñecido. Esta suite abre novas canles para vos?

—Si, vai representar un novo Milladoiro, una nova pedra no noso quefacer artístico. É un traballo que ten máis interese, moita máis envergadura. Cremos que non é un anuncio do futuro senón unha concreción do pasado. En IM está un pouco o resumo, o esforzo de todo o anterior. Sería moi fácil darllea responsabilidade orquestral a un músico profesional pero nós preferimos asumir a responsabilidade dos arran-

xos, da composición, da dirección...

—Sorprende nun país ás veces tan minifundista a vosa penetración, o voso traballo conxunto despois de tantos anos.

—A unidade é algo fundamental para nós. É a nosa dinámica. É moi importante traballar unidos, aportando cousas, sabendo cando estás trabucado. IM foi un traballo colectivo dos sete, aportando cada un o que quería. En Milladoiro non hai figuras.

—¿En que momento vos chegou o encargo de IM?

—Nun momento moi oportuno. É un traballo que ó final nos demostra a nós mesmos que a colaboración entre todos

é moi importante. Dámonos conta de que o camiño, o modelo, a praxe seguidos son correctos e adecuados. É un dos nosos retos máis importantes.

—Nos últimos tempos estou a escoitar na radio pública estatal a forte promoción de grupos que vos imitan en diferentes partes de España. Non obstante aquí, os medios públicos case non contan convosco. ¿Non sodes profetas na vosa terra?

—Distinguiríamos entre os medios e mailo público. Este sempre respondeu marabillosamente. Os medios xa é outra cousa. Algunha vez poderíamos pensar que non somos xustamente tratados e tamén que non hai dereito a secues-

trarlle a Galicia e ós galegos o dereito a ser felices. Pensamos que un galego sintese feliz cando sabe que alguén da súa terra é capaz de triunfar no extranjero e sobre todo nun país tan inalcanzable como USA. É a mesma felicidade que cando o Deportivo lle gana ó Barcelona... De tódolos xeitos o importante non é que nos sintamos incorrectamente tratados senón que outras cousas, sen importancia, se tratan cunha xenerosidade abraiante.

—¿O desinterese non é só con vós?

—Nefeuto. En Galicia hai cousas moi dignas das que non se fala. Hai grupos que traballan con seriedade, dun xeito serio, digno e rigoroso que son

uns perfectos descoñecidos. Necesitamos uns servizos de comunicación públicos que non sexan alineantes e que de verdade servan como vehículo de cultura.

—Pero á cultura non podemos separala da política ¿non si?

—Evidentemente. A solución está nun cambio de comportamento dos que teñen que dirixir e que pode vir máis facilmente dado por unha opción política de esquerda.

—O galego acaba de ser recoñecido como idioma comunitario de Europa como xa o fora antes o catalán, ¿como o valorades?

—Para nós era inaceptable a situación anterior. Era inxusto. Agora estamos na normalidade.

—E as posturas dos que din, como alí, que o galego está asfixiando ó castelán?

—Son unha panda de caprichosos e impresentables por utilizar palabras suaves. O que se está a cometer é unha inxusticia total contra os nosos galego-falantes deste país, ós que se lles está impo-llo castelán como nos anos da 'longa noite de pedra'. Nenos que viven nun idioma e chegan á escola e atopan outro. Nos colexios hai un equipo de normalización que funciona entre aspas, é dicir, por lei ten que habelo, pero non é certo que funcione. Hai falta de vontade política. O gran problema que ten Galicia é dos galego-falantes con talento fascista, que están a apoiar a destrución do seu propio idioma. Non tódolos que falan está neles a garantía de que Galicia vaia ser outra cousa.

No que é a música tradicional do país, Milladoiro conseguiu coa suite sinfónica "Iacobus Magnus" un fito máis, un primeiro bazo, un eslabón que vai dignificando máis a nosa música. Pese ás persoas e ós medios de comunicación que pensan que a súa música remite a vello, antigo, rural, eles amosan, a cotío, que un país que non é consciente do seu pasado, consciente do que é, non vai ser nunca un país.



O GRUPO MILLADOIRO

Albán

Santiago é unha cidade esencial nas nosas vidas. A onde había que ir por motivos diversos: ó médico, á universidade, ás festividades relixiosas, ás manifestacións. Santiago foi o sitio onde moitos de nós nos coñecemos, estudiamos, traballamos. Indicadora dos nosos afectos, pertence o noso acervo cultural e afectivo



Héctor Alterio: 'coa televisión vasura o teatro gaña público'

'Despois de estar en Compostela anteriormente, era impensable non estar aquí nestas datas tan importantes'

É un dos grandes actores en lingua española. Arxentino que leva vivindo en Madrid dezaioito anos, dos que nin quere case lembralos tres primeiros, cando o sindicato vertical non o deixaba traballar —eran os últimos estereos do franquismo—, non lle visaba os contratos e ademais, oficialmente, non tiña

nin pasaporte. Despois desa negrura chega a proposta de Elías Querejeta, como produtor, para que Jaime Chávarri o dirixira na película "A un deus desconecido", premiada en San Sebastián, nominada para o Oscar e pola que Héctor recibe o premio ó mellor actor da Asociación de Cronistas de Nova Iorque.

Logo viría *O niño*, de Armiñán, que volve ser nominada para o Oscar e é, en corta medida, o seu descubrimento polo gran público. Moitas películas, teatro, televisión ocupan a vida deste arxentino autodidacta, ácrata e agnóstico que non pasa de nada e menos do público compostelán, co que ven estando puntualmente dende hai tres tempadas, no Teatro Principal.

Despois de estar en Compostela os últimos dous anos coas obras *Quimera de don Perlimplín* y *de Belisa en su jardín*, de García Lorca, e *Viaje de un largo día hacia la noche*, de O'Neill, era case impensable non estar aquí nestas datas tan importantes. Para min é unha gratificación que teñan elixido este espectáculo, *Los Gatos*, para un evento tan salientable como o *Compostela 93*. Onte, por exemplo, actuou o gran director Giulini; polo tanto, compartir carteleira con tan ilustres facedores da cultura é, volvo insistir, moi gratificante.

Dende a súa primeira visita a esta cidade sei que lle sorprendeu moi gratamente a asistencia da xente nova ó teatro.

Así é. Nas dous anteriores convocatorias foron moitos os mozos que acudiron ó Principal a ve-lo meu traballo. Mozos moi fervorosos, e iso me chama a atención. Mesmo o seu silencio durante as representacións chega a transmitir unha sensación especial, de comunión, de sumo interese. Para un actor, xa con certa idade, é unha gran satisfacción, porque nos sentimos como os vellos profesores que están, en certa medida, sinalando o camiño ós máis novos, o camiño que nós xa andivemos.

—E se os novos van ó

teatro, o futuro é esperanza.

Dende logo. Dende que eu teño uso de razón o teatro, dín, está a morrer. É unha especie de doente crónico; pero mentres haxa propostas dignas vai haber público para as mesmas. Considero que cantas máis razóns hai para o pesimismo máis motivos teño para a esperanza. A medida que a televisión sega a ofrecer esa programación basura, ese lixo constante, o público vaise entregar con máis forza ó teatro, deixará as pantuflas e maila cadeira e sairá á busca de ofertas interesantes, de cultura, nunha palabra.

—"Los Gatos", a obra da túa terceira visita a Compostela, moi censurada durante o franquismo, coído que está de moita actualidade, ó denuncia-la intransixencia, a intolerancia...

Pura e Ánxela, os nomes das dúas protagonistas da obra, representadas por Paco Casares e máis eu, están no bando dos vencedores, despois da guerra civil española, e exercen como tales, coa incidencia da relixión. Son moi beatas e ven a vida dende esa monolítica actitude. O feito de que Carmen Portacelli, a directora, ofrecera eses papeis a dous actores, produce no público inquequedanza. É mesmo unha proposta surrealista ver a dous homes facendo de mulleres, pero non imitando a mulleres.

—¿É unha forma de descentraliza-la proposta inicial?

—En efecto. Tratamos de non circunscribir a un sexo determinado a intolerancia, porque esta non é patrimonio dun sexo concreto. O noso xogo é unha alerta para dicir que, aínda hoxe, aqueles males endémicos, que Agustín Gómez Arcos —autor da obra— sa-

lientou nos anos 60, desgraciadamente, aínda existen hoxe. Pretendemos mobilizar ó espectador para que non se vaita tranquilo a súa casa.

—Volvo ó cine. ¿Face-lo papel de militar fascista na película arxentina "A historia oficial"? foi duro para ti?


—Non, porque a elección do papel, o papel mesmo é secundario. O que prima alí é a proposta argumental, a historia que se quere contar e o resultado da mesma; por todo iso eu fago o meu antipático rol con moitísimo gusto, porque estou seguro de que o resultado xeral da película é que nunca máis se volva repetir unha historia como a que viviu Arxentina cos militares. Ter recibido o Oscar supón que a película se distribuíu por todo o mundo, e que así soubéron da nosa terrible realidade.

—¿Está de acordo co indulto dado ós militares?

—Non, como tampouco cos trinta anos, que eu lembro de avasalamiento, que padecemos na Arxentina dos militares. Endemais vou estar de acordo en como rematou o proceso ós militares. Eu non esquezo e o indulto non tiña razón de ser. Actitudes así fan que, con moita posibilidade, eses desgraciados feitos volvan repetirse. Non estou de acordo co que fixo Alfonsín e agora Menem. Eses militares non teñen por que estar na rúa. Estou totalmente identificado coas nais e avoas da Praza de Maio que seguen a facer, coa súa actitude, fíncap nos horrores cometidos e seguen a pedir xustiza. Os que torturaron e mataron non poden estar na rúa.

—¿Cal segue a ser hoxe o principal problema de América Latina?

—Sen dúbida, a intervención permanente dos USA. Non confío na chegada de



O ACTOR HÉCTOR ALTERIO

Albán

Clinton e menos na Nova Orde Internacional. Non confío en ningún presidente de USA que teñen feito de Latinoamérica o que é hoxe: explotan os nosos recursos económicos, incursionan, os nosos países dun xeito tan gansteril... do mesmo xeito que venden os seus produtos cinematográficos a todo o mundo... poñen e quitan gobernos, dirixen a información

mundial... Son antibelicista, antimilitarista visceral, teño terror ó que significan os exércitos —estou de acordo cos insubmisos e obxectores—, e de ter que existir avo polos profesionais; pero noutras circunstancias tivérame ido co Che Guevara. Estoy contra tódolos exércitos como estoy en contra de todo tipo de relixión. Son un ácrata agnóstico.

Despois de estar en Compostela os últimos dous anos (con obras de García Lorca e O'Neill) era case impensable non estar aquí nestas datas tan importantes



Mats Ek: Compostela axuda a xoñar novos éxitos para o Ballet Cullberg

O Ballet Cullberg, que pertence ó Teatro do Estado sueco, cumprirá en 1992 os seus vinte e cinco anos. Naceu para servir de instrumento a unha coreógrafa en particular, Birgit Cullberg —a nai de Mats Ek— e tivo sempre un selo internacional. Xa os conxuntos da súa primeira época contaron con bailarinas de

sona mundial, como Malissa Hayden e Veronika Mlakar. Mauricek Béjart fixo "Xasón" en Medea, e Rudolf Nurejev bailou en dous ballets de Birgit, "Adán e Eva" e "A señorita Xulia". Mats Ek fixo o seu debut como coreógrafo no ano 76 cun ballet baseado na peza teatral Woyseck, de George Büchner.

Continuou coa temática universal da compañía. Nos seus ballets hai un soño de liberdade, de liberdade sen cadeas, sen opresión, sen imperialismo de ningún tipo. Mats Ek cos seus traballos, como director ou coreógrafo, está a conseguir un florecemento e unha renovación que está a proporcionar novos éxitos ó Ballet Cullberg, clasificado como un dos tres máis importantes do mundo. Estivo en Compostela representando Gisele 1, ante a que se rendiu o público galego. Foi un grande exercicio de beleza e técnica.

—*Conf. íonalle moito a hora de montar un novo espectáculo ó éxito anterior, a existencia cada vez maior do público?*

—En realidade non me afecta nada. Fago o meu traballo como o teño pensado, sen o lastre dos éxitos anteriores, e máis nada.

—*Vostede montou Giselle no ano 82 —por certo en Barcelona onde a representou no Liceu no ano 90 non lembraban un éxito tan grande— vai facendo modificacións na coreografía ou mantiena igual a través dos anos?*

—No esencial permanece igual que o ano en que naceu. Vou facendo pequenas modificacións en detalles que non son fundamentais. Agrádame que me lembre Barcelona porque toda a compañía lembrámo-lo fervor do público; agora estamos entusiasmados e algo asustados ante as nosas representacións en Compostela, porque acabamos de coñecer a súa programación, tan rica e intensa, para este ano especial e estamos seguros de que o público será moi esixente. Como corresponde a unha cidade tan fermosa.

—*Tivo tempo de coñecerla e recorrela?*

—Si. Chegamos dous días antes da representación. A miña compañeira, Ana Laguna, é española, de Zaragoza, e ela tiña moitas ganas de visitar a cidade. Parécenos magnífica. Esta moi ben conservada a zona monumental que realmente é monumental. Ímonos gratamente impresionados.

—*É certo que estas representacións de Compostela son o mellor as últimas de Ana como bailarina e de vostede como director?*

—É moi posible. xa que Ana —xa temos un neno de catro anos— quere ter outro fillo e posto que ten trinta e oito anos este pode se-lo momento preciso e eu porque vou deixala dirección do ballet para pasarme ó teatro. Seguirei facendo coreografías.

—*Por certo ¿cómo lembra, a súa época de traballo con Ingmar Bergman?*

—Foi unha experiencia marabillosa. Eu tiña vinte e catro anos e fun o seu axudante de dirección nunha produción de teatro. Son de esas cousas que non podes esquecer.

—*Vostede principiou no ballet moi tarde ós 27 anos ¿Cales son as vantaxes?*

—Só unha: verdadeiramente sabes que é o que queres facer.

—*Nos seus decorados sempre hai un recordo para os pintores surrealistas ¿Cales son os seus preferidos?*

—En realidade non hai unha escola ou un estilo especial que eu prefira; pero me encanta Magritte, Velázquez, Goya...

—*Cando monta "La casa de Bernarda Alba" ¿por que elixe un home para facer de Bernarda?*

—Pensei nas posibilidades físicas dun home. Eu quería unha combinación entre nai, crego e militar. E o máis importante é que no teatro pódese

se facer todo.

—*Quizais dúas características do seu traballo son a ternura e máis humor que impregnan as súas coreografías ¿por que?*


—Non o fago deliberadamente. Eu son así. Síntoo así. A ternura é o humor paréceme fundamentais para vivir, para sobrevivir, para resistir... e tamén soñar, hai que soñar moito.

—*Sería negar-la realidade se esqueceramos a súa preocupación social.*

—É certo. Todo me inflúe e trato de plasmalo nos meus traballos, por exemplo o Apartheid a quen lle dediquei o ballet Sowetto. Estou ledo de que esté a piques de desaparecer. ¡Oxalá! É un dos sistemas máis irrealis, máis despreciables que poidan existir. Como a guerra de Iugoslavia que me parece unha traxedia ou a fame no terceiro mundo...

—*É difícil de aceptar-la súa versión dun ballet tan clásico e romántico como Giselle?*

—Si bastane, pero eu sempre digo que o público que se achegue o meu traballo ten que esquecer-las cousas clásicas —aínda que nos traballamos con técnicas clásicas— ten que vir sen prexuícios, e cun grande espírito de curiosidade. Cambio o cemiterio por un manicomio, posto que as Willis son mulleres co corazón rachado que se están a vingar polas súas vidas perdidas, por cada home que as fixo sufrir. Vólvense tolas porque foron traicionadas. E volvo insistir, para non chegar a eses extremos en calquera circunstancia da vida é preciso soñar, soñar para non tolear, e vostedes teñen xa algo gañado de partida: viven nunha cidade que axuda a soñar, a elevarse por riba da realidade, a traspasar-la barreira do tempo e do espazo.



MATS EK

Tono Arias

A miña época de traballo con Ingmar Bergman foi unha experiencia marabillosa. Eu tiña vinte e catro anos e fun o seu axudante de dirección nunha produción de teatro. Son de esas cousas que non podes esquecer

Santiago, Camiño de Solidaridade

Programa cooperativo de cultura liberadora para América Latina

Unha nova etapa dentro das actividades do Auditorio de Galicia

O Auditorio de Galicia iniciou unha nova etapa nas súas actividades cada vez máis salientables. Á serie de concertos, exposicións, congresos, que están a ter eco en tódolos medios de comunicación especializados, o Auditorio de Galicia, con sede en Compostela, establece dous programas de apoio e colaboración con América Latina. Concretamente con Venezuela e Bolivia. É a primeira vez que, no Estado español, un centro cultural ademais de facer cultura establece este tipo de accións. Non deixa de ser 'A cultura da cooperación, a solidariedade'. Todo isto foi posible gracias primeiro, ó interese de Xosé Manuel Villanueva, concelleiro de Facenda e do director do Auditorio Xosé Denis e por suposto a aceptación inmediata do alcalde Sr. Estévez. Este amosou así a súa sensibilidade para un continente en xeral oprimido e deprimido, explotado e expoliado do que, nos últimos tempos, nos tiñamos esquecido un chisco, quizais porque tódolos ollos están voltos cara Europa. Xerardo Estévez e Xosé Denis quixeron con esta campaña, que esta cidade universal fixera camiño cara América. Concederon sesenta millóns, trinta para Venezuela e trinta para Bolivia, que axudarán a que moitos menos e rapaces de Venezuela, excluídos do sistema educativo, poidan realizar estudos. A cidade de Santiago nos Andes venezolanos é unha poboación con pulo pero que ten unhas necesidades educativas sumamente graves. Preto do 80% da poboación son mozos e máis dun 60% non remata a básica. A axuda de Compostela servirá para que cento vinte rapaces principien unha educación técnica. Nestes tempos de individualismo e insolidariedade, mesmo de eurocentrismo, sería interesante que outras cidades galegas e doutras comunidades seguiran o exemplo de Compostela. Xosé Denis confía en que o apoio do concello compostelán remate reflectíndose en exemplos coma ese. O proxecto non sería xa unha fermosa realidade se non participase nel unha persoa como o director do Auditorio, profundo coñecedor de América Latina. O Sr. Denis Hombre estivo durante cinco anos coordinando programas educativos da Unesco en dez países de América Latina. Traballou no intercambio de experiencias con pedagogos tan recoñecidos coma Paulo Freire, Ivan Illich, Edgar Rodríguez, Luisa Pemaleite... Tivo contactos cos Teólogos da Liberación: Santiago Gutiérrez, Arturo Sosa, Trillo, Jon Sobrino, Luis Ugalde —na actualidade rector da Universidade dos Xesuítas en Vene-



PORTADA DO PROGRAMA

ECC

Santiago, Camiño de Solidaridade

En este ano jubilar de 1993, la ciudad de Compostela se erige en corazón del mundo para acoger a miles de personas que recorren los caminos señalados por la historia y el tiempo. Desde Santiago de Compostela, el Auditorio de Galicia quiere iniciar un nuevo camino; el camino de la solidaridad. Y una nueva cultura; la cultura de la cooperación. Camino de ida y vuelta que convierta la antigua y extendida presencia de Santiago en América Latina en una presencia solidaria y cooperativa con proyección de futuro. Nuestros lazos históricos, culturales, económicos, familiares... con los países Hispanoamericanos, son tan antiguos e intensos que ni siquiera hace falta describirlos. Estos países, en la actualidad, padecen graves carencias en la alimentación, salud, tecnología, educación, cultura... como consecuencia de unas relaciones económicas injustas y por una realidad social poco equilibrada. Ante esta situación, se hace necesario pasar de la nostalgia y veneración por el pasado, a la acción realista abriendo un proceso de ayuda y colaboración. Siguiendo la recomendación de los organismos internacionales para la cooperación con los denominados Países del Tercer Mundo

—la ONU recomienda el 0,7% del Producto Nacional Bruto— deberá hacerse un esfuerzo y dedicar un impulso económico a financiar proyectos de intervención que hagan posible la cobertura de determinados déficit en educación, infraestructuras, sanidad, alimentación..., que ayuden a mejorar la calidad de vida. Al mismo tiempo que día a día dedicamos una serie de esfuerzos para disminuir las diferencias entre los compostelanos y mejorar su bienestar, tenemos la obligación de trabajar y esforzarnos por disminuir la desigualdad entre los países desarrollados y los menos desarrollados. Partimos de la premisa que esta ayuda no es la solución a los problemas que padecen estos países. Nos guía el ideal de la construcción de un mundo solidario basado en la convivencia humana en armonía con la naturaleza, así como un imperativo actual de contribuir a la creación de un proceso de cultura de la cooperación. Nueva dimensión cultural imprescindible para enfrentar con posibilidades de éxito el denominado diálogo Norte-Sur.

Xerardo Estévez Fernández
Presidente del Consejo Directivo
y alcalde de Santiago

zuela—... Todo isto serve para iniciar proxectos, establecer un plan de axuda e levalo á práctica, pero non sería posible sen a resposta afirmativa da primeira autoridade municipal. O alcalde anunciou tamén, en rolda de prensa a inversión de trinta millóns de pesetas en Cuba por medio dunha Organización non gubernamental —como as de Bolivia e Venezuela— para levarlles medicinas que axuden ós cidadáns cubanos a superar os graves problemas oftalmolóxicos que están a padecer, despois chegará a axuda para recuperación do Patrimonio colonial deses tres países americanos. Os trinta millóns para Bolivia van ser destinados á produción agropecuaria e leiteira no Altiplano e a mellora-las estruturas vias. O convenio de colaboración firmárono, en Compostela, o alcalde de Santiago e mailos señores Hugo Fernández, representante da Organización Non Gubernamental de Bolivia Internomón Cipeca, e Xesús Orbeago, representante do movemento venezolano Educación Popular Fe e Alegría. Neste momento histórico era necesario dar e recibir, apreciar ó outro, avaliarse mutuamente. Os representantes das dúas organizacións americanas dixéronos que están entregados sobre a parte da poboación excluída da participación dos bens e dos servizos. Contan coa colaboración de congregacións e miles de laicos —son organizacións pluralistas— que se identifican cos problemas dos marinados, dos necesitados, non dun xeito paternalista senón de forma humilde sabendo que máis é o que eles van aprender que o que van dar. Están no proceso de recuperación da identidade das poboacións indíxenas, da súa dignidade como países e iso só se pode conseguir con educación e cultura, para que o pobo decida que quere e como o quere. O escritor uruguaio Eduardo Galeano no artigo "O desprezo como destino" escribiu "Hace ya cinco siglos, Europa decretó que eran delitos la memoria y la dignidad en América. Los nuevos dueños de estas tierras prohibieron recordar la historia, y prohibieron hacerla. Desde entonces, sólo podemos hacerla". "Santiago Camiño de Solidaridade" quere pasar da nostalgia e veneración polo pasado, á acción realista abriendo un proceso de axuda e colaboración, nun intento de mellora-la calidade de vida. Non vai ser por suposto a solución ós miles de problemas que teñen os países latinoamericanos pero si unha porta aberta, un camiño, que axude ó éxito do diálogo Norte-Sur.

Tareixa Navaza



Daniel Barenboim: 'Só a curiosidade pode facernos felices'

O pianista e director arxentino,
entusiasmado coa acústica do Auditorio

Dende setembro do 91 é o director musical da Orquestra Sinfónica de Chicago pero xa hai vinte anos que ven colaborando con ela. É o noveno director dunha orquestra que ten como director emérito o mítico sir Georges Solti. A súa biografía é a dun verdadeiro pro-

dixio —actuou en público por primeira vez ós sete anos, ós doce gravou o seu primeiro disco e seis anos máis tarde xa interpretara unha gran parte das sonatas de Mozart e de obras de Beethoven—, pero vive con intensidade todo o que acontece.

Nestes momentos está moi preocupado polo racismo e xenofobia que se está a vivir en Alemaña —el vive entre Chicago e Berlín— ata tal punto de pensar en deixa-lo mentado país europeo se o nazismo se fai un feito cotián. Na recente xira anual da Orquestra de Chicago tocaron en Madrid, Barcelona, Valencia e Santiago. Bruckner, Brahms e Chai-kovski soaron, baixo a súa batuta, no Auditorio de Galicia.

—Estou entusiasmado coa acústica do Auditorio porque é moi fiel. Aínda que pareza mentira, moitas salas de concerto, teatros, poden falsificarlo son da orquestra. Por iso falo da fidelidade acústica do Auditorio de Santiago. E dos mellores nos que teño actuado.

—Acaba de chegar vostede, por certo con moi bo cor, dunha praia próxima á cidade de Santiago. Que lle parece Compostela e a programación cultural deste ano?

—A cidade é preciosa, realmente como un xoiereiro. Coido que hai poucas cidades que amosen, produzan, o sentimento da historia como Santiago. Estou encantado de ter vido. É a primeira vez e agardo que non sexa a última.

—Nace en Arxentina —Bos Aires— pero ós poucos anos marcha coa súa familia a Israel. ¿Cal segue a se-la súa vinculación con Arxentina e América Latina?

—Case diría que con Arxentina ningunha, porque me fun cando tiña nove anos e volvíño soamente tres veces, por un espazo de tres, catro días cada vez. Non obstante preocúpame a súa situación, a de Latinoamérica, como a de calquera parte do mundo, non só a situación política senón a socioeconómica e social. Arxentina é un país moi inte-

resante que como España sufríu tantos anos unha ditadura moi dura e que ata que xurdiu a democracia —máis tarde que en España— foi un baile entre ditaduras militares e caos total. De ídolos xeitos Arxentina —coma para vostede os galegos— sempre estivo presente no meu fogar. Os meus pais eran xudeus nados na Arxentina; pero os meus catro avós procedían de Rusia.

—Os seus pais foron os seus primeiros mestres musicais. Eles déronlle as primeiras clases de piano. Con ese ambiente familiar poderíase pensar que a música foi unha imposición?

—Non, foi algo natural. Fun un cativo alegre, non me sacrificuei en absoluto. Xoguei moito e tiña moitos amigos.

Eu pola música non vivín —coma outros— illado nunha torre de marfil, valoro moito a amizade e agora mesmo non penses que viaxo moito: só cando unha vez ó ano a Orquestra de Chicago fai a súa xira. Vivo a cabalo entre Chicago e Berlín, nesta cidade é onde están os meus fillos.

—Sendo un pianista tan excepcional, cunha gama tan ampla: Mozart, Beethoven, Ravel, Litz, abandónao un pouco para dedicarse con intensidade á dirección. ¿Cando volve ó piano?

—Moi pronto, nunha semana estarei tocando en Londres, coa Orquestra Sinfónica desta cidade, o Primeiro Concerto de Bartok.

—¿E qué proxectos ten coa ópera de Berlín?

—O próximo inverno comezamos unha nova posta en escena da tetraloxía de Wagner.

—Con Wagner vostede ten dito que “descubre” a música doutro xeito.

—Si porque a importancia das obras ou a de certos compositores non se pode confun-

dir coa importancia histórica de compositor. Sen as sinfonías de Brahms seríamos moito máis pobres, musicalmente falando; pero historicamente a música houberase desenvolvido igual, da mesma forma. Outros compositores, Berlioz ou Liszt, escribiron menos obras importantes pero racharon máis, innovaron máis, tiveron un impulso histórico máis importante, máis grande. Wagner posiblemente sexa o músico singular que máis importancia histórica tivo en toda a Historia da música occidental, porque sen el todo o século XX houbera sido diferente. A obra clave para iso foi o Tristán. Beethoven tamén foi un revolucionario. Agrandouno todo e rompeu con tantas concepcións aceptadas, casi automáticamente. Foi o primeiro que atopou outro equilibrio entre a expresión e a beleza que son dúas cousas diferentes.


—Vostede insiste en Humaniza-la música.

—Si e iso corresponde ó intérprete. Humanizar quere dicir atopa-la relación entre os sons —que non sexa só unha colección de notas— que leva a unha cousa máis orgánica. Así como os seres humanos non viven só e independentes os sons tampouco. E labor do director de Orquestra organizar eses sons para que a Orquestra toque xunta e ben, para que cada músico sexa consciente de onde ven e ao onde vai e nese senso é case como un paralelo filosófico porque nos tamén temos que saber de onde vivimos e a onde imos...

—¿A fidelidade ós clásicos é posible?

—Non, iso é unha mentira, unha imposibilidade que leva á mentira.

—O común dos mortais achegámonos á música para relaxarnos, para “desconectar” dos problemas. ¿E vos-



O PIANISTA E DIRECTOR DANIEL BAREMBOIM

Albán

tede?

—Vou a praia, como fixen hoxe. Gústame moito o mar e o sol, máis ca montaña.

—¿Cómo educa os seus fillos?

—Mal por falta de tempo. Teñen sete e dez anos e trato de inculcarlles “curiosidade” por todo. Sen curiosidade non hai nada, non se pode ser feliz. O peor é caer no aburrimiento. Á maioría dos nenos dásele moita información e pouca educación. A felicidade é algo máis que atopa-la tranquilidade e ter cartos para comer e vestir.

—¿Está de acordo coa educación musical que se lle

da os pequenos?


—Non, en absoluto. Esa educación é moi pobre en todo o mundo. Non temos que pensar só en “obter” bos intérpretes senón en mozos e adultos que con coñecementos musicais van disfrutar moito coa música xa sexa en directo ou a través dos discos, radio, TV. Antes a xente culta tiña máis coñecementos musicais, hoxe hai máis oferta e menos coñecementos, quizais porque padecemos a demagoxia dos políticos...

—¿Volverá a Compostela?

—Estou desexando que no pidan, aceptarei encantado.

Tareixa Navaza

Estou entusiasmado coa acústica do Auditorio porque é moi fiel. Moitas salas de concerto e teatros poden falsificarlo son da orquestra.



A Orquestra Nacional de España no acto inaugural do Auditorio de Galicia, o día 21 de Outubro de 1989

M. Blasco

A Compostela virán dende o grupo U2 ata a Orquestra Sinfónica de Chicago con Baremboim

Auditorio de Galicia

Centro Cultural que fai de Compostela unha cidade europea

Compostela só é comparable a Florencia. Estas foron as palabras de Aldo Ceccato, un dos directores máis prestixiosos do mundo, cando hai uns días facía un recorrido nocturno pola cidade. Sorprendéulle a beleza, o casco antigo tan ben conservado e ocupado, o Hostal dos ReisCa-

tólicos onde se hospedou e por suposto o Auditorio, onde decidiu -sen ter que pensalo moito- que ía dar dous ou tres concertos no 93. Lembro o deserto cultural que era Compostela hai anos e como teñen cambiado as cousas.

Hoxe esta cidade ven se-lo dique de to-

dalas Galicia, o lugar onde se reflicte calquera tipo de actividade que triunfa a nivel mundial. Estamos a vivir unha época dourada e coído que unha porcentaxe moi alta debémollo ó Auditorio de Galicia e a brillante dirección-xestión de Xosé Denis Hombre.

Nos seus tres anos de existencia converteuse en Centro Cultural arredor de catro eixes fundamentais: concertos estables, o programa de concertos didácticos para rapaces -xa pasaron por ali máis de 70 mil cativos-, o programa de exposicións e mailos congresos.

Tareixa Navaza González. Mesmo o edificio, deseño do arquitecto Julio Cano Laso, foi "copiado" en maiores proporcións para face-lo Pavillón de España na Expo, con lago incluído. O feito de que nas súas proximidades se atopan as facultades de Económicas e Filoloxía fai que o Auditorio sexa algo máis que unha sala de música.

Acústica excepcional

Os universitarios utilizan a cafetería-restaurante como biblioteca -ali estudian- e comedor -hai un menú especial por 800 pesetas. Isto convérteo nun centro moi vivo. O Auditorio é un organismo autónomo que funciona cun presuposto que aportan o Concello de Santiago, a Consellería de Cultura, a Universidade de Santiago, a Deputación da Coruña e un grupo de empresas. Para este edificio tiveron palabras de eloxio tódolos artistas que por el pasaron. Todos coinciden en sinalar que a súa acústica é das mellores de España e establecen ese boca a boca, tan importante, á hora de contratalos. Cando Xosé Denis entabla contacto con algún artista, éste xa ten referencias do Auditorio e da cidade. Non hai que presionar nin fratar de convencer. Ninguén se nega a vir. Todo son gabanzas e cumpridos. A mezzosoprano Te-


resa Berganza, que ven tódolos anos, por primeira vez na súa vida escolleu Compostela para dar, ó longo dunha semana, clases máxistras. Helmut Rilling decidiu que Compostela se converta na sede permanente da Internationale Bachakademie xa que despois de Stuttgart lle ofreceu a mellor organización.

Enamorados do Auditorio

Virán cada dous anos. A Rilling parecélle que o Auditorio tiña a infraestrutura necesaria para dar cursos desa categoría. Tamén, todo hai que decilo, influíu o labor dese compostelán que cada día ten máis prestixio nos circuitos mundiais da música clásica, Masimino Zumalave, e do que teremos que falar máis de vagar. A Zimmerman, discípulo de Rubistein, agradoulle tanto a sala que solicitou permiso para gravalo seu próximo compacto no Auditorio. Estanse a facer xestións para que Milladoiro grave tamén aí un disco. A lista de enamorados do Auditorio e da cidade sería moi longa e tediosa.

Si é certo que o Auditorio nos tres anos que leva de andaina converteuse no centro cultural de Galicia por excelencia. E un lugar de peregrinaxe obrigada para os artistas do mundo.

E tamén o escaparate da políti-



Denis Hombre, Director do Auditorio

ca cultural do concello.

Proxecto cultural 'Compostela 93'

O seu prestixio é valorado polo Consorcio da cidade de Santiago que lle encarga a dirección, o deseño, a organización e, maila execución do proxecto cultural "Compostela 93" que excede o ámbito do Auditorio e se estende a toda a cidade de Compostela.

A súa dirección recae no director-xerente do Auditorio, Denis Hombre. Soubemos que o programa se estrutura arredor destas áreas: Música clásica, grandes orquestras do mundo, grandes voces líricas, ciclos de pianistas españois, de música de cámara e contemporánea, ópera, novas músicas, música latina, jazz, folk europeo, teatro, danza, pop internacional e nacional, producións galegas, cantautores, cine, un especial Milladoiro, co encargo dunha obra para o 93. Un programa á altura das cidades con máis tradición e carisma do mundo. Poderemos ver e escoitar desde o grupo pop irlandés U2 ata a Orquestra Sinfónica de Chicago dirixida por Daniel Baremboim. Todo isto contribúe a facer de Santiago unha cidade máxica e ademais ¿qué cidade hai no mundo que teña o seu camiño escrito nas estrelas?

C. Gallego